



Protección de solos forestais queimados mediante técnicas de rehabilitación: Eficacia no control da erosión e efectos sobre a calidade do solos.

Tipo de proxecto: investigación

Entidad Financiadora: Dirección Xeral de I+D. Xunta de Galicia. (08MRU002400PR)

Entidades Participantes: CIF Lourizan y Instituto de Agrobioloxía de Galicia-CSIC.

Período: 2009 - 2011

Investigador Responsable: Serafín González-Prieto (Instituto de Agrobioloxía de Galicia-CSIC)

Número de Investigadores Participantes: José Antonio Vega Hidalgo, Pedro Pérez-Gorostiaga, M^a Teresa Fontúrbel Lliteras

Resumo: Estudáanse os efectos de dous tratamentos de estabilización do solo (sementeira e mulching) tras un lume experimental sobre o control da erosión e as características químicas e microbiolóxicas do solo e sobre os nutrientes perdidos pola erosión.

Palabras clave: mulching; sementeira; estabilización post-incendio; efectos ecolóxicos do lume; microbiota edáfica.



A contribución do CIF de Lourizán a este proxecto foi avaliar á eficacia dos tratamentos no control da erosión producida no primeiro ano tras un lume experimental de moderada severidade efectuado en un tozal. O estudo demostrou a alta eficacia do mulching de palla de trigo e a baixa da sementeira de especies herbáceas. A sementeira contribuíu moi pouco ao incremento da cobertura vexetal tras o lume.

Desenvolveuse un modelo de predición de perdas de solo tras estes lumes de moderada severidade que mostra o papel preponderante da cantidade de precipitación concentrada en poucos días seguidos no proceso erosivo, en contra do xeralmente dominante papel atribuído á intensidade da chuvia. A humidade antecedente do solo xogou un papel significativo aínda que menor.

En canto a resposta das comunidades microbianas edáficas ao longo do primeiro ano post-tratamento, os resultados mostraron que a biomasa e a actividade microbianas se reduciron xeralmente polo lume mentres que a diversidade aumentou. Non obstante, os cambios inducidos por este lume de baixa severidade foron relativamente pequenos, comparados coas variacións temporais dos parámetros analizados, suxerindo que este tipo de lume non altera substancialmente o funcionamento do solo. Os tratamentos de sementeira e mulching non tiveron ningún efecto nos parámetros analizados.